Val de Parroquias

Silleda

Concello de Silleda

CIRA
DORNELAS
ABADES
PAZOS
PIÑEIRO
MARTIXE
CARBOEIRO
SAÍDRES
LAMELA
ANSE
MANDUAS
BREIXA
PONTE
CHAPA
REIROS
O CASTRO
RELLAS
MARGARIDE
SILLEDA
VILAR
TABOADA
ESCUADRO
FIESTRAS
CORTEGADA
SIADOR
GRABA
OLEIROS
LARO
REFOXOS
PARADA

SINFONÍA ÉLFICA Nº 33

Están aquí! Un ano máis os elfos decidiron visitar Silleda polo Nadal! Están encantados coa súa xente e as súas paisaxes! Están tan a gusto que decidiron poñerse a tocar a súa melodía segreda, a "Sinfonía Élfica Nº 33". Que sorte! Trátase dun evento único! Cando sona a melodía completa espértase a maxia do Nadal por cada recuncho!

Agora, a misión está clara: "***Sinfonía Élfica Nº33".*** Percorre as parroquias de Silleda, atopa os elfos agochados e faite coa melodía segreda.

1. Mira o mapa, lee as pistas e **localiza** cada Elfo *(se non eres capaz, mira na web a xeolocalización!)*
2. **Anota** a nota correspondente de cada Elfo no pentagrama máxico.
3. **Sácate unha foto** con cada Elfo
4. **Envía** por correo o pentagrama máxico e as 33 fotos a *cultura@silleda.gal*
5. *Toca a melodía! e* Entra no **sorteo!**

PISTAS

- **Abades**: Aquí hai un órgano con 45 notas!
- **Ansemil:** Canto neste cruceiro para o mundo enteiro!
- **Breixa**: Aqui veño entonar para a veciñanza animar!
- **Carboeiro:** Os músicos da apocalipse... uuuh!
- **O Castro:** Antes de chegar a estación, canto na igrexa unha canción.
- **Cervaña:** Oh! Aquí arriba parece que hai unha lira.
- **Chapa**: Fago música cunha pedra, na ponte co mesmo nome.
- **Cira:** O primeiro sábado de setembro a virxe ven cantar ata aquí dende Santa Baia.
- **Cortegada:** Onde cantan os carballos naceu Antón Alonso Ríos.
- **Dornelas:** É redondiño, para tocar cun grupiño.
- **Escuadro:** Canto se aprende aquí, tiruririrurí!
- **Fiestras:** Que dificil cantar todo o día, vou beber nesta fontiña.
- **Graba:** Así lavaba así así! Aquí traballamos despois de comer un churrasco.
- **Lamela:** Vou beber aquí no camiño, antes de entonar a sinfonía.
- **Laro:** Toco unha campaniña no alto da capeliña.
- **Manduas:** Veño tocar co meu amigo gaiteiro!
- **Margaride:** Onde vivíu o Pintor Colmeiro pasa un regueiro, e aquí vin tocar.
- **Martixe:** Aquí veño dar a nota!
- **Moalde:** A falta de un... dous para tocar ao enxoito!
- **Negreiros:** Vaia recuncho! Fago música vendo o tren pasar...
- **Oleiros:** Toco na casa señorial onde naceu o pai do primeiro director do museo do Prado!
- **Parada:** Escaleiras que soben e baixan, vou tocar a campana!
- **Pazos:** Ben alto toco ao ritmo da auga! Mira que chulada!
- **Piñeiro:** Dúas campanas soan ao meu ritmo!
- **Ponte:** Á beira do río Mera, toco na *carretera*
- **Refoxos:** Chámanlle *de Platas, mamuelas ou pallota,* agachadas dende fai séculos, aquí que ben se entona.
- **Rellas:** Aquí había unha curtiduría con envíos a toda a península! Pero ti sigue coa melodía.
- **Saídres:** E veña festa! Que non pare a música!
- **Siador:** No medio dos grandes carballos unha muller me axuda a dar os cantos!
- **Silleda:** Mirando cara o Pico Sacro toco en terra castrexa!
- **Taboada.** Con Sansón e o león, toco unha canción.
- **Vilar:** Campana sobre campaaaaana!
- **Xestoso:** Toco sobre o río, pretiño da xente para que a Sinfonía cree o ambiente!

Concello de Silleda